



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



LACES
Laboratorios de apoio a la creación
de empleo y empresas de
economía social

espazo coop
unión de cooperativas galegas

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación polo procedemento aberto e trámite simplificado, do servizo consistente na promoción da Economía Social mediante o desenvolvemento informático e mantemento, en galego, español e portugués, dun recurso interactivo en web baseado en software libre, para o deseño, maduración e consolidación de oportunidades de negocio no ámbito da economía social, encadrada dentro do PROXECTO LACES.

(Expdte. 2019_002_ESPAZOCOOP)

DISPOSICIÓN XERAIS:

1ª.- De acordo coas previsións contidas no prego de prescripcións técnicas (PPT) elaborado, este contrato ten por obxecto a contratación polo procedemento aberto e trámite simplificado, do servizo consistente na promoción da Economía Social mediante o desenvolvemento informático e mantemento, en galego, español e portugués, dun recurso interactivo en web, para o deseño, maduración e consolidación de oportunidades de negocio no ámbito da economía social, encadrada dentro do PROXECTO LACES, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

O obxecto do contrato consta dun só lote:

Lote 1 : Desenvolvemento informático e mantemento, en galego, español e portugués, dun recurso interactivo en web baseado en software libre, para o deseño, maduración e consolidación de oportunidades de negocio no ámbito da economía social .

2ª.- O procedemento de adjudicación do contrato é o **procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159.6 de la Ley 9/2017**, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

3ª.- O servizo comprenderá as prestacións mínimas que figuran no PPT que forma parte do contrato a todos os efectos, e ademais:

- A/s persoa/s -natural/is ou xurídica/s- adjudicataria debe facilitar as persoas traballadoras os elementos persoais e materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.
- Corresponderá exclusivamente á adjudicataria exercer sobre o seu persoal empregado as facultades de dirección e de control, sen prexuízo das facultades de inspección da execución que correspondan a entidade adjudicadora.

DURACIÓN DO CONTRATO:

4ª.- O **prazo de duración** do contrato comezará a partir da formalización do contrato coa empresa/s adjudicataria/s e rematará antes do 23 de Decembro de 2019.

Esta data pode ser modificada en función de actualizacións na programación propostas por ESPAZOCOOP ou por imprevistos. En todo caso, deberán ser aprobadas pola Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



LACES
Laboratorios de apoio a la creación de empleo y empresas de economía social

espazo coop
unión de cooperativas galegas

5ª.- O valor estimado do contrato é de 9.500,00 euros (IVE non engadido) sendo éste o seu detalle:

Lotes	Sen IVE	Importe IVE	Total IVE Engadido
1	9.500,00 €	1.995,00 €	11.495,00 €

PREZO DO CONTRATO:

6ª.- As entidades ou personas licitadoras ao formular as súas propostas económicas, incluírán nas mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, salvo que a actividade se atope exenta do mesmo, sen prexuízo de que o importe deste imposto deba indicarse como partida independente. E detallarán nas mesmas o importe correspondente a cada un dos servizos incluídos no epígrafe “obxecto do contrato” do PPT.

7ª.- O **prezo do contrato** será o que resulte da adxudicación do contrato e deberá indicar como partida independente o IVE. No prezo do contrato se considerarán incluídos os tributos, taxas e impostos de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para a adxudicataria como consecuencia do cumprimento dos deberes contemplados nos pregos.

O **pago do prezo** do contrato efectuarase previa presentación, por quen sexa contratista, das correspondentes facturas. As facturas emitiranse por acordo entre a adxudicadora e adxudicataria, sendo unha delas á finalización dos servizos.

Na **factura** deberá constar claramente a identificación do servizo de que se trate ao que se acompañará o seguinte texto:

- a) Servizo de desenvolvido no marco do proxecto LACES, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

8ª.- As **facturas deberán estar conformadas** pola persoa designada como responsable da execución das distintas actividades do programa LACES na Unión de Cooperativas Espazocoop.

9ª.- O prezo do contrato non sufrirá ningunha variación ao longo da súa vixencia, nin sequera no caso de que por virtude de disposicións laborais se modificaran os salarios, cotas da Seguridade Social, ou calquera outra remuneración do persoal que se empregue.

SOLVENCIA FINANCEIRA, ECONÓMICA , TÉCNICA E PROFESIONAL:

10ª.- Poderán concorrer por sí ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 71 da LCSP





Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



11ª.- Para optar a esta licitación **exímese da esixencia de acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional**, de conformidade co artigo 159.6.b de la LCSP, porén **valorarase** a acreditación de experiencia no desenvolvemento das actividades obxecto do contrato segundo o establecido no PPT, así como as acreditacións e certificacións de calidade na xestión e na prestación de servizos informáticos e que se teña suscrito un seguro de riscos profesionais.

GARANTÍA:

12ª.- Non se requerirá garantía provisional nin garantía definitiva, de conformidade co artigo 159 da LCSP.

PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN:

13ª.- O prazo de presentación de proposicións para optar a este procedemento é de **dez días hábiles**, prazo que se contará desde o día seguinte ao da publicación do anuncio na web e/ou redes sociais da Unión de Cooperativas Espazocoop. Para o caso de que o día de finalización do prazo non sexa hábil, quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte.

As ofertas presentaranse **exclusivamente** por vía telemática con aviso de recibo ao correo electrónico: **info@espazo.coop**.

As proposicións presentaranse en soporte dixital coa documentación en formato estándar PDF.

Denominación dos arquivos:

- : Proposición+*nomlicitadora*
- : Outros criterios+*nomlicitadora*.....(no seu caso)
- : Empresas vinculadas+*nomlicitadora*.....(no seu caso)
- : UTE+*nomeUTE*.....(no seu caso)

O/os arquivo/s deberán estar asinados cun sistema de sinatura electrónica avanzada e válida.

14ª.- As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse, co seguinte **contido**:

14.1ª. Declaración responsable da asinante respecto a estar válidamente constituida e que conforme ao seu obxecto social pódese presentar á licitación, ostentar a representación da sociedade que presenta a oferta; a contar coas autorizacións necesarias para exercer a actividade; a non estar incurso en ningunha prohibición de contratar; ao sometimento ao foro español, no caso de que a empresa sexa extranxeira; e **oferta económica, segundo modelo ANEXO I.**

14.2ª. Na proposición deberase incluír como mínimo :

- Prazo de execución.
- Contidos, prestacións, funcionalidade e utilidades .
- Catalogación e descrición.
- Aspectos técnicos e de deseño.
- Aspectos funcionais: usabilidade, acceso, interacción, etc..



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



- Proposta de mantemento e resolución de incidencias.

14.3ª. Cando corresponda, deberá presentarse, ademais, a seguinte documentación:

Oferta relativa a **outros criterios de adjudicación cuantificables** mediante a mera aplicación de fórmulas (cando na cláusula 18ª se establezcan máis criterios de adjudicación que o prezo e de conformidade coa documentación que se sinala na mesma)

1. Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Ata 5 puntos.

- a. Valorarase con ata 3 puntos o compromiso de empregar no equipo que executará o contrato e durante toda a prestación contractual, unha proporción de mulleres superior ao 50%. Outorgarase un punto se se supera o 65%, dous puntos se se supera o 80% e tres puntos se se supera o 95%.

Para a acreditación deste criterio, a empresa licitadora deberá indicar o número total de persoas que executarán o contrato e o número total de mulleres sobre o total, indicando a xornada laboral de cada contrato.

- b. Valorarase con ata 2 puntos o compromiso de empregar mulleres en postos de responsabilidade, xerencia ou cualificados no equipo que executará o contrato e durante toda a prestación contractual, nunha proporción de mulleres superior ao 50%. Outorgarase un punto se se supera o 65%, dous puntos se se supera o 80%.

Para a acreditación deste criterio, a empresa licitadora deberá indicar o número total de persoas que executarán o contrato nestes postos e o número total de mulleres sobre o total, indicando a xornada laboral de cada contrato.

2. Experiencia e cualificación do persoal. Ata 3 puntos

Valorarase con ata 3 puntos a cualificación e a experiencia profesional do persoal encargado de executar o contrato, en relación aos contidos propios das accións a desenvolver, sempre que supere o establecido no PPT, de acordo co seguinte desglose:

- a. 0,25 puntos por cada persoa con certificación acreditativa de especialización, titulación de posgrao ou mestrado directamente relacionado co obxecto do contrato, ata un máximo de 1 punto.
- b. 0,5 puntos por cada persoa cun mínimo de 5 anos de experiencia directamente relacionada co obxecto do contrato, ata un máximo de 1,5 puntos.
- c. 0,5 puntos por ter suscrito un seguro de responsabilidade profesional que cubra cando menos o importe total do prezo dos lotes adjudicados.



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



Tanto a titulación de posgrao ou mestrado (apartado a) como a experiencia (apartado b) das persoas adicadas á execución do contrato acreditarase cos currículos vitae de cada profesional proposto, debida e individualmente asinados e a correspondente acreditación documental da titulación e/ou experiencia profesional. A subscrición do seguro (apartado c) acreditarase con copia fiel da póliza contratada onde figuren importes asegurados.

3. Inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou de persoas en risco de exclusión social. Ata 4 puntos

Valorarase con ata 4 puntos a contratación de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% ou de persoas en risco de exclusión social, ou a subcontratación de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro ou de empresas de inserción, de acordo co establecido na lexislación vixente ao respecto e segundo o seguinte desglose:

- a. 0,5 puntos por cada persoa contratada pertencente aos colectivos anteriores directamente para o obxecto do contrato, ata un máximo de 2 puntos.
- b. 0,5 puntos por compromiso de subcontratación por cada 15% do prezo directamente relacionado co obxecto do contrato, ata un máximo de 2 puntos.

No primeiro punto deberase acreditar o compromiso numérico de contratación establecendo duración do contrato e xornada de traballo. No segundo punto deberase acreditar na proposta técnica o compromiso numérico porcentual respecto do prezo de adxudicación.

4. Organización e cualificación da empresa que redunde nunha mellor prestación contractual. Ata 5 puntos

Valorarase con ata 5 puntos o compromiso da empresa de adoptar algunha ou algunhas das seguintes políticas de organización e cualificación que impliquen unha mellor e máis eficiente prestación do contrato. Polo compromiso de aplicar ou desenvolver cada unha delas outorgarase un punto cun máximo de cinco:

- a. 1 punto por integrar alomenos un 80% de traballadores/as con contrato fixo ou socios e socias traballadores/as de cooperativas e sociedades laborais no cadro de persoal que executará o contrato.
- b. 1 punto polo compromiso de aplicar melloras salariais e laborais sobre o disposto no Estatuto dos traballadores ou convenio colectivo de aplicación no cadro de persoal que executará o contrato.
- c. 1 punto polo compromiso de formación do cadro de persoal que executará o contrato. Compromiso da empresa de deseñar e impartir formación de alomenos 15% horas anuais



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



LACES
Laboratorios de apoio á creación
de emprego e empresas de
economía social

espazo coop
unión de cooperativas galegas

relacionada coa prestación contractual ao cadro de persoal que executará o contrato ou ben o compromiso de destinar un 5% dos excedentes totais xerados a final de ano para actividades formativas.

- d. 1 punto polo compromiso de organizar de xeito democrático ou participativo ao cadro de persoal que executará o contrato, cando na súa proposta técnica se acredite que a organización se basa en principios democráticos e participativos para ao seu cadro de persoal e detallan os sistemas previstos de participación no marco da prestación contractual.
- e. 1 punto polo compromiso de reinvertir os beneficios conforme a finalidade social da organización ou que no caso de distribución dos mesmos ésta se faga con criterios de participación, cando na súa proposta técnica acrediten que reinvertirán os beneficios conforme aos seus fins sociais ou no caso de redistribución farase con criterios de participación, baseándose en principios democráticos e participativos para o seu cadro de persoal e así o detalle no marco da prestación contractual.

Conforme aos puntos anteriores cando a entidade adjudicadora o estime oportuno en calquera fase do proceso de contratación, esixirase a adjudicataria documentación acreditativa do cumprimento do establecido, ben mediante declaracións xuradas, informes de traballadores/as en alta, TC,s. da empresa, estatutos, escrituras fundacionais, acordos de reinvestimento ou distribución de excedentes e balances económicos anuais.

5. Pola subcontratación de empresas e entidades de Economía Social. Ata 3 puntos

Valorarase con ata 3 puntos a subcontratación de entidades de Economía social (agás centros especiais de emprego sen ánimo de lucro ou de empresas de inserción), de acordo coa tipoloxía establecida na lexislación vixente estatal 5/2011 e autonómica 6/2016 ao respecto e segundo o seguinte detalle:

- a. 0,5 puntos por compromiso de subcontratación de entidades de economía social por cada 10% do prezo directamente relacionado co obxecto do contrato, ata un máximo de 3 puntos.

Deberase acreditar na proposta técnica o compromiso numérico porcentual respecto do prezo de adjudicación.

- Declaración de empresas vinculadas:

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vinculadas que concorran á licitación.



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



LACES
Laboratorio de apoio á creación de emprego e empresas de economía social

espazo coop
unión de cooperativas galegas

- Compromiso de constitución de Unión Temporal de Empresarios (UTE).

Cando dúas ou máis empresas acudan a unha licitación co compromiso de constituírse en Unión Temporal, deberase aportar unha declaración indicando os nomes e circunstancias das entidades que a subscriban, a participación de cada unha delas e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en Unión Temporal, en caso de resultar adxudicatarias. O citado documento deberá estar asinado polas representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión Temporal. Nestes casos cada unha das empresas deberá presentar así mesmo a súa Declaración responsable do anexo I.

15ª.- Documentos: Os documentos que se acompañen ás proposicións terán que ser copia fiel dos orixinais. As licitadoras fanse responsables da fidelidade das mesmas e poderán ser solicitados, por parte da adxudicadora orixinais para cotexo en calquera momento do proceso de contratación.

16ª.- No **asunto** da mensaxe coa documentación remitida, indicarse con claridade o seguinte **texto**: "Proposición de.....(nome da licitadora)+Servizo módulo formativo +Lotes.....(Lotes aos que se opta). No **corpo do correo** farase constar: Proposición que presenta (nome da licitadora) para optar ao procedemento aberto simplificado segundo art.159.6 da LCSP para a contratación do servizo consistente **na promoción da Economía Social mediante o desenvolvemento informático e mantemento, en galego, español e portugués, dun recurso interactivo en web baseado en software libre, para o deseño, maduración e consolidación de oportunidades de negocio no ámbito da economía social, encadrada dentro do PROXECTO LACES. (Expdte. 2019_002_ESPAZOCOOP)**, (Indicar Lotes aos que se opta: "lote 1, a tomarase como referencia o indicado no corpo do correo).

17ª.- De acordo co establecido no artigo 159,6 da LCSP, a apertura das proposicións non se levará a cabo ata que finalice o prazo para a súa presentación, polo que non se celebrará acto público de apertura das mesmas.

CRITERIOS DE VALORACIÓN:

18ª.- Será a **mellor oferta** aquela que obteña a **mellor puntuación** de acordo cos seguintes criterios cuantificable/s exclusivamente mediante a mera aplicación de fórmulas:

1. Mellor oferta económica. Ata 5 puntos.

Outorgaranse 5 puntos á proposición máis económica, valorando as restantes proposicións ségundo a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = (\text{Mellor oferta realizada} \times \text{N}^{\circ} \text{ máximo de puntos}) / (\text{Oferta a valorar})$$

Sendo: Puntos: A puntuación resultante de aplicar a fórmula, Mellor oferta realizada: a oferta máis económica, N° máximo de puntos (neste caso 5 puntos), Oferta a valorar: oferta de cada licitadora que non resultase a máis económica.



2. Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Ata 5 puntos.

- a. Valorarase con ata 3 puntos o compromiso de empregar no equipo que executará o contrato e durante toda a prestación contractual, unha proporción de mulleres superior ao 50%. Outorgarase un punto se se supera o 65%, dous puntos se se supera o 80% e tres puntos se se supera o 95%.

Para a acreditación deste criterio, a empresa licitadora deberá indicar o número total de persoas que executarán o contrato e o número total de mulleres sobre o total, indicando a xornada laboral de cada contrato.

- c. Valorarase con ata 2 puntos o compromiso de empregar mulleres en postos de responsabilidade, xerencia ou cualificados no equipo que executará o contrato e durante toda a prestación contractual, nunha proporción de mulleres superior ao 50%. Outorgarase un punto se se supera o 65%, dous puntos se se supera o 80%.

Para a acreditación deste criterio, a empresa licitadora deberá indicar o número total de persoas que executarán o contrato nestes postos e o número total de mulleres sobre o total, indicando a xornada laboral de cada contrato.

3. Experiencia e cualificación do persoal. Ata 3 puntos

Valorarase con ata 3 puntos a cualificación e a experiencia profesional do persoal encargado de executar o contrato, en relación aos contidos propios das accións a desenvolver, sempre que supere o establecido no PPT, de acordo co seguinte desglose:

- a. 0,25 puntos por cada persoa con certificado de profesionalidade, titulación de posgrao ou mestrado directamente relacionado co obxecto do contrato, ata un máximo de 1 punto.
- b. 0,5 puntos por cada persoa cun mínimo de 5 anos de experiencia directamente relacionada co obxecto do contrato, ata un máximo de 1,5 puntos.
- c. 0,5 puntos por ter suscrito un seguro de responsabilidade profesional que cubra cando menos o importe total do prezo dos lotes adxudicados.

Tanto a certificado de profesionalidade, como a titulación de posgrao ou mestrado (apartado a) como a experiencia (apartado b) das persoas adicadas á execución do contrato acreditarase cos currículos vitae de cada profesional proposto, debida e individualmente asinados e a correspondente acreditación documental da titulación e/ou experiencia profesional. A suscripción do seguro (apartado c) acreditarase con copia fiel da póliza contratada onde figuren importes asegurados.



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



4. Inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou de persoas en risco de exclusión social. Ata 4 puntos

Valorarase con ata 4 puntos a contratación de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% ou de persoas en risco de exclusión social, ou a subcontratación de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro ou de empresas de inserción, de acordo co establecido na lexislación vixente ao respecto e segundo o seguinte desglose:

- a. 0,5 puntos por cada persoa contratada pertencente aos colectivos anteriores directamente para o obxecto do contrato, ata un máximo de 2 puntos.
- b. 0,5 puntos por compromiso de subcontratación por cada 15% do prezo directamente relacionado co obxecto do contrato, ata un máximo de 2 puntos.

No primeiro punto deberase acreditar o compromiso numérico de contratación establecendo duración do contrato e xornada de traballo. No segundo punto deberase acreditar na proposta técnica o compromiso numérico porcentual respecto do prezo de adxudicación.

5. Organización e cualificación da empresa que redunde nunha mellor prestación contractual. Ata 5 puntos

Valorarase con ata 5 puntos o compromiso da empresa de adoptar algunha ou algunhas das seguintes políticas de organización e cualificación que impliquen unha mellor e máis eficiente prestación do contrato. Polo compromiso de aplicar ou desenvolver cada unha delas outorgarase un punto cun máximo de cinco:

- a. 1 punto por integrar alomenos un 80% de traballadores/as con contrato fixo. Terán a mesma consideración os socios e socias traballadores/as de cooperativas e sociedades laborais no cadro de persoal que executará o contrato.
- b. 1 punto polo compromiso de aplicar melloras salariais e laborais sobre o disposto no Estatuto dos traballadores ou convenio colectivo de aplicación ao cadro de persoal que executará o contrato.
- c. 1 punto polo compromiso de formación da plantilla que executará o contrato. Compromiso da empresa de deseñar e impartir formación de alomenos 15% horas anuais relacionada coa prestación contractual á plantilla que executará o contrato ou ben o compromiso de destinar un 5% dos excedentes (beneficios totais) xerados a final de ano para actividades formativas.
- d. 1 punto polo compromiso de organizar de xeito democrático ou participativo ao cadro de persoal que executará o contrato, cando na súa proposta técnica se acredite que a organización se basa en principios democráticos e participativos para o seu cadro de



persoal e detallan os sistemas previstos de participación no marco da prestación contractual.

- e. 1 punto polo compromiso de reinvertir os beneficios conforme a finalidade social da organización ou que no caso de distribución dos mesmos ésta se faga con criterios de participación, cando na súa proposta técnica acrediten que reinvertirán os beneficios conforme aos seus fins sociais ou no caso de redistribución farase con criterios de participación, baseándose en principios democráticos e participativos para o seu cadro de persoal e así o detalle no marco da prestación contractual.

Conforme aos puntos anteriores cando a entidade adjudicadora o estime oportuno esixirase a adjudicataria documentación acreditativa do cumprimento do establecido, ben mediante declaracións xuradas, informes de traballadores en alta, TC,s. da empresa, estatutos, escrituras fundacionais, acordos de reinvestimento ou distribución de excedentes e balances económicos anuais.

6. Pola subcontratación de empresas e entidades de Economía Social. Ata 3 puntos

Valorarase con ata 3 puntos a subcontratación de entidades de Economía social (agás centros especiais de emprego sen ánimo de lucro ou de empresas de inserción), de acordo coa tipoloxía establecida na lexislación vixente estatal 5/2011 e autonómica 6/2016 ao respecto e segundo o seguinte detalle:

- a. 0,5 puntos por compromiso de subcontratación de entidades de economía social por cada 10% do prezo directamente relacionado co obxecto do contrato, ata un máximo de 3 puntos.

Deberase acreditar na proposta técnica o compromiso numérico porcentual respecto do prezo de adjudicación.

7. Polo grao de definición e melloras da proposta técnica. Ata 6 puntos

Valorarase con ata 6 puntos: contar con certificacións e acreditacións de calidade para actividades obxecto do contrato, contar con certificación de calidade no sistema de xestión, o grao de definición e detalle en relación co establecido no PPT, plan de traballo e programación, adecuación e complementariedade dos recursos materiais e humanos ao servizo, melloras presentadas sobre os mínimos establecidos no PPT, segundo o seguinte desglose:

- a. 1 punto por cada un dos items anteriores, ata un máximo de 6 puntos.

Deberase acreditar na proposta técnica cada un dos items referenciados.

19ª.- No caso de que dúas ou máis empresas empaten na súa oferta, seguiranse os criterios de desempate recollidos na Disposición adicional quinta, punto 5 da Lei de Cooperativas 27/1999 e do artigo 147.2 de la



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



LCSP. A documentación acreditativa destas circunstancias será requerida polo órgano de contratación ás licitadoras cuxas ofertas empataran, outorgándolles ao efecto o prazo improrrogable de 3 días hábiles.

SUBCONTRATACIÓN:

20^a.- Permitirase a subcontratación da prestación nos termos indicados na cláusula 18^a puntos 3.b e 5 coa previa autorización da adjudicadora e de acordo coas esixencias do LCSP. Esta autorización non eximirá ao contratista das responsabilidades de toda índole derivadas do contrato.

RENUNCIA DE UN/HA LICITADOR/A:

21^a.- A presentación da oferta vincula a quen sexa contratista coa adjudicadora, de tal xeito que a renuncia á adjudicación do contrato ou á execución do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente, faculta á Unión de Cooperativas Espazocoop a esixir a indemnización dos danos e perxuízos causados á contratante e demais consecuencias previstas na LCSP.

22^a.- Non embargantes o disposto nos apartados anteriores, no caso de que a adjudicadora non acordara a adjudicación nos prazos estipulados no art. 158 da LCSP, a contar desde a apertura das proposicións, quen sexa contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade co disposto no devandito artigo.

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

23^a.- No caso de que o órgano de contratación estime preciso verificar a personalidade xurídica, capacidade de obrar ou o apoderamento, poderá requirir á licitadora para que presente a correspondente documentación acreditativa dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel do envío do requerimento.

O presente requerimento realizarase en todo caso á empresa que obteña a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que acredite a documentación acreditativa dos extremos incluídos no anexo I: de estar válidamente constituída e de que conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación; de que o representante ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta; autorizacións necesarias para exercer a actividade.

24^a.- A adjudicación, coas ofertas presentadas e a documentación relativa á valoración das mesmas serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen restricción ningunha desde o momento en que se notifique a adjudicación do contrato.

25^a.- A Unión de Cooperativas Espazocoop terá a facultade de declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución, únicamente cando ningunha oferta sexa admisible dacordo cos criterios que figuran no presente prego (art. 150.3 LCSP).

26^a.- A formalización do contrato substituirase pola sinatura da aceptación da resolución de adjudicación pola contratista, entendéndose como tal a acreditación da recepción da notificación pola adjudicataria da Resolución de adjudicación.



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



27ª.- A aceptación pola contratista da resolución da adjudicación deberá efectuarse non máis tarde dos dez días hábiles seguintes a aquel na que se puxo a súa disposición por medios telemáticos. En caso contrario entenderase rexeitada.

28ª.- Cando por causas imputables á adjudicataria non se formalizara/aceptara o contrato dentro do prazo indicado, entenderase que retirou a súa oferta coas consecuencias sinaladas no artigo 153.4 da LCSP.

MODIFICACIÓNS DO CONTRATO: NON PROCEDE

EXECUCIÓN DO CONTRATO:

29ª.- Quen sexa contratista está obrigado ao cumprimento do contrato con estrita suxeición ao establecido nos pregos do contrato, ao consignado na súa proposición e ás ordes que lle curse o/a responsable do contrato nomeado/a pola Unión de Cooperativas Espazocoop para unha mellor realización dos traballos.

30ª.- Quen sexa contratista será responsable da calidade técnica das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a adjudicadora ou para terceiras persoas das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais, será de conta da parte contratista indemnizar todos os danos que se causen a terceiras persoas ou aos seus bens como consecuencia das operacións que requira a prestación do servizo, así como os ocasionados nas propiedades. A cantidade en que se concreten tales danos será esixida pola vía xudicial.

31ª.- O persoal a empregar pola parte contratista non terá ningún tipo de relación laboral coa Unión de Cooperativas Espazocoop, debéndose facer constar esta circunstancia nos contratos de traballo que se subscriban.

CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

32ª.- Teñen a consideración de condicións especiais de execución do presente contrato as seguintes cláusulas destinadas a conseguir:

1ª) Os compromisos asumidos na súa oferta por parte do/a contratista.

2ª) O cumprimento da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 11/2007, de 27 de xullo, de Galicia, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e da Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuales en Galicia.

3ª) A dispoñibilidade de todas as autorizacións ambientais e outras licenzas ou autorizacións administrativas ou de cumprir os trámites de comunicación previa ou declaración responsable, que sexan precisos para o desenvolvemento das actividades vinculadas coa execución do contrato.



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



LACES
Laboratorios de apoio a la creación de empleo y empresas de economía social

espazo coop
unión de cooperativas galegas

4ª) O cumprimento da lexislación ambiental (contaminación acústica, calidade do ar, etc.) e administrativa que sexa de cumprimento no desenvolvemento da actividade necesaria para a execución da prestación obxecto do contrato.

5ª) O cumprimento das disposicións laborais en vigor ou que se dicten durante a vixencia do contrato, incluído o/os convenios colectivos do sector que sexan de aplicación, ou aos convenios de empresa, se resultasen máis favorables as persoas traballadoras, no que se refire ao pago das retribucións sen dilación e de acordo coas categorías profesionais, o pago das cotas da Seguridade Social, o respecto dos dereitos dos traballadores e o emprego de persoal a través da oficina de emprego.

Estas condicións especiais de execución, terán carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211 LCSP

PERSOAL DA EMPRESA CONTRATISTA

33ª.- Correspóndelle exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos necesarios, realizará a prestación do servizo, que se é novo, deberá promovelos a través da oficina de emprego. En todo caso, a contratación de novo persoal adscrito ao servizo requirirá consentimento expreso do órgano de contratación.

34ª.- A empresa contratista asume o deber de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a toda/ o empresaria/o. En particular, asumirá a negociación e pagamento dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, a substitución de traballadores en casos de baixa ou ausencia, os deberes legais en materia de Seguridade Social, incluíndo o aboamento de cotización e o pagamento de prestacións, cando cumpra, os deberes legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e deberes se deriven da relación contractual entre empregada/o e empregador/a.

35ª.- A empresa contratista velará especialmente porque as persoas traballadoras adscritas á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen exralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitada nos pregos como obxecto do contrato.

36ª.- A empresa contratista de acordo co establecido no PPT, contará cunha persoa responsable, que terá entre os seus deberes:

- Actuar como interlocutor da empresa contratista fronte a Unión de Cooperativas Espazocoop, canalizando a comunicación entre a empresa contratista e o persoal que presta o servizo, e a Unión, doutro lado, en todo o relativo ás cuestións derivadas da execución do contrato.
- Impartir aos devanditos traballadores/as, as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.
- Supervisar o correcto desempeño do servizo por parte do persoal da empresa.



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



LACES
Laboratorios de apoio á creación
de emprego e empresas de
economía social

espazo coop
unión de cooperativas galegas

PENALIDADES

37^a.- A contratista está obrigada ao cumprimento do contrato con estrita suxeición ao exposto nos pregos do contrato e ás ordes que reciba do responsable da adjudicadora para unha mellor realización do servizo. O cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato ou o incumprimento dos compromisos poderá ser obxecto de imposición de penalidades ao contratista.

38^a.- As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable nomeado por Espazocoop do contrato. Este acordo será executivo e farase efectivo mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse a quen sexa contratista.

39^a.- A tales efectos, establécense as seguintes **infraccións e penalidades**:

a) Terán a consideración de infraccións **leves** aqueles incumprimentos contractuais que, sen provocar alteracións graves do servizo, impliquen:

- Atrasos na prestación do servizo, sempre que non excedan da data límite.
- Incumprimento das esixencias previstas no prego técnico que non sexan cualificadas como infracción grave ou moi grave.

b) Terán a consideración de infraccións **graves** as seguintes:

- Os incumprimentos recollidos no apartado anterior, cando sexan susceptibles de provocar alteracións graves na prestación do servizo.
- A reiteración nos incumprimentos susceptibles de considerarse como infracción leve.

c) Terán a consideración de infraccións **moi graves** as seguintes:

- incumprimento grave dos deberes do contrato así declarado e resolto pola adjudicadora trala imposición previamente de dúas penalidades por incumprimento grave.
- O incumprimento das condicións especiais de execución ou das obrigas contractuais esenciais recollidas neste prego.
- A falsedade ou falsificación de documentación achegada.

- Estas infraccións suporán a imposición de penalidades do 10% do valor do orzamento do contrato por cada lote adjudicado. O órgano de contratación poderá, porén, optar pola resolución do contrato por incumprimento, cos efectos establecidos na LCSP.

RESOLUCIÓN DO CONTRATO:

40^a.- Son causas de resolución do contrato, ademais das contempladas expresamente nestes pregos nos casos de infraccións moi graves, as previstas na LCSP.

OUTRAS DISPOSICIÓNS:

41^a.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos en primeira instancia polo órgano de contratación e contra os mesmos caberá reclamación xudicial. As partes acordan someterse expresamente aos xulgados e tribunais da provincia de A Coruña.

42^a.- Compete ao órgano de contratación e no seu defecto á persoa responsable pola Unión de Cooperativas Espazcoop, as prerrogativas de interpretar este contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os seus efectos, nos términos establecidos na LCSP.

Así mesmo, o órgano de contratación ostenta, entre outras, as seguintes atribucións:

- Proceder ao control e inspección do servizo podendo ditar as oportunas ordes e instrucións vinculantes para acomodar a conduta da contratista aos deberes recolleitos nos pregos.
- Resarcirse dos danos e prexuízos ocasionados á Unión de Cooperativas Espazcoop pola contratista.
- No caso de suspensión total ou parcial da prestación do servizo sen autorización previa da adjudicadora, o que ocasione graves danos ao funcionamento dos servizos, a Unión de Cooperativas Espazcoop poderá contratar a conta da adjudicataria os servizos obxecto deste contrato cun terceiro ou realizalo con medios propios, repercutindo o custo correspondente á contratista. Dita potestade será exercitada, ademais, no caso de folgas ilegais ou con infracción dos servizos mínimos fixados.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica do presente documento

Constantino Gago Conde

Xerente da Unión de Cooperativas Espazcoop



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional



LACES
Laboratorios de apoio á creación
de emprego e empresas de
economía social



ANEXO I

Nome:.....
Apelidos:.....
Con DNI.....e enderezo en:.....
CP:.....Localidade:.....
Provincia de:.....Teléfono:.....

En nome propio ou en representación de con enderezo en
CP.....teléfono.....e DNI ou CIF (segundo se trate de persoa física ou xurídica) núm.....e dirección electrónica a efectos de avisos de comunicación/notificación:
.....,

querendo participar na contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de servizo **consistente na promoción da Economía Social mediante o desenvolvemento informático e mantemento, en galego, español e portugués, dun recurso interactivo en web baseado en software libre, para a consolidación o deseño, maduración e consolidación de oportunidades de negocio no ámbito da economía social**, encadrada dentro do PROXECTO LACES. (Expdte. 2019_002_ESPAZOCOOP)",

DECLARA RESPONSABLEMENTE que:

- A persoa asinante da declaración ostenta a representación do/a licitador/a que presenta a oferta.
- A persoa asinante da declaración ou a persoa física ou xurídica á que representa ten plena capacidade de obrar, esta válidamente constituída e cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar con terceiros.
- A persoa asinante da declaración ou a persoa física ou xurídica á que representa non está incurso en ningunha das prohibicións de contratar coa Administración establecidas no artigo 71 da LCSP.
- A persoa asinante da declaración ou a persoa física ou xurídica á que representa sométese ao foro español, no caso de ser estranxeira e expresamente aos xulgados e tribunais da provincia de A Coruña.
- A persoa asinante da declaración ou a persoa física ou xurídica á que representa conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.
- A persoa asinante da declaración ou a persoa física ou xurídica á que representa coñece o prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación que rexe no contrato, que expresamente asume e acata na súa totalidade.
- A persoa asinante da declaración ou a persoa física ou xurídica á que representa cumpre e cumprirá coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo.

OFERTA ECONÓMICA QUE PRESENTA:

Lotes	Sen IVE	Importe IVE	Total con IVE
1	€	€	€

(Lugar, data e sinatura)